



## Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia no libro *Os estatutos de autonomía de Galicia, 1936 –1981*

Parlamento de Galicia, 27 de xullo de 2011

Señores e señores:

O feito de que este ano coincida a celebración do 75 aniversario do plebiscito do proxecto de Estatuto de 1936 co 30 aniversario da promulgación, en 1981, do vixente Estatuto de autonomía de Galicia constitúe unha ocasión propicia para editar, nun único volume, e por vez primeira, estes dous textos.

Para quen lles fala constitúe unha auténtica honra comparecer ante vostedes acompañada por dous catedráticos de prestixio –Ramón Villares, de Historia Contemporánea; e Roberto Blanco Valdés, de Dereito Constitucional- para presentar publicamente este libro, *Os estatutos de autonomía de Galicia 1936-1981*, no que os dous teñen un gran protagonismo.

Como poden comprobar no libro, Ramón Villares analiza o *Contexto Histórico dos estatutos de autonomía de Galicia. Da utopía de 1936 á realidade de 1981*, mentres que Roberto Blanco Valdés escribe sobre *A longa viaxe da descentralización: tres constitucións, dous estatutos*.

Pouco teño que engadir ao que eles acaban de dicir nas súas intervencións.

Coa edición deste libro, o Parlamento de Galicia ven a encher o oco de descoñecemento que, en moitas máis ocasións das que pensamos, rodea o proceso de elaboración do proxecto de Estatuto de Galicia de 1936, así como o texto estatutario en vigor, o de 1981.



Esta é a razón que nos levou a asumir unha edición facsimilar dos dous textos estatutarios: o editado pola Asemblea de Municipios e plebiscitado o 28 de xuño de 1936; así como o Estatuto que está actualmente en vigor, sometido a referendo o 21 de decembro de 1980 e promulgado o 6 de abril de 1981.

Creo, honestamente, que se enche un baleiro documental e, sobre todo, se pon a a disposición do conxunto da sociedade galega un documento divulgativo pensado para poñer en valor a nosa historia.

A uns serviralles para recordar feitos que conservan na súa memoria, mentres que a outros lles descubrirá episodios descoñecidos da nosa historia.

Trátase, como terán ocasión de comprobar dun libro pensado para un público amplo e heteroxéneo, no que o rigor dos capítulos asinados por Ramón Villares e por Roberto Blanco Valdés é compatible cun estilo ameno que, estou segura, cautivará ao lector deste as primeiras liñas.

É o noso xeito de contribuír a espallar o coñecemento da nosa historia e da realidade autonómica de Galicia, e máxime cando ese achegamento se efectúa da man de expertos dunha talla como a dos dous que teño ao meu carón.

Neste ano, cando que o Parlamento de Galicia conmemora o 30 aniversario da constitución da súa primeira lexislatura, é de xustiza que a primeira obra editada neste contexto estea orientada a afondar no coñecemento das nosas institucións.

E para afondar na vocación divulgativa da obra, optouse por unha edición convencional, en soporte papel, na que se coidou ata o último detalle, pero decantámonos tamén polo formato de libro electrónico ao que calquera persoa



interesada poderá acceder de balde a través da páxina web do Parlamento de Galicia.

Entendemos que poucas obras poden resultar máis acaídas que as nos ocupa para inaugurar a aposta do Parlamento de Galicia polo libro electrónico, de acceso libre e gratuito.

Gracias e parabéns a cantos fixeron posible a edición deste libro, agradecemento que quero particularizar no Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia, e moi especialmente en Pepe Torres, pola tradución ao galego do texto do Estatuto do 36; ao Consello da Cultura galega e o seu presidente, Ramón Villares, por ter asumido con todo o interese, desde o primeiro momento, este proxecto editorial; e a Roberto Blanco Valdés pola súa contribución.

E gracias, tamén, aos portavoces parlamentarios que nos acompañan; a todos vostedes, por secundar esta convocatoria.